

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 11/04/2019, EN 1ª CONVOCATORIA.**

### **ASISTENTES**

**ALCALDE**  
José Marcote Suárez

**TTEs. DE ALCALDE**  
Xan Carlos Sar Oliveira  
Soledad Vilela Romero  
Teresa Fernández Martínez

**SECRETARIO**  
José Ramón Lema Fuentes

### **ASUNTOS**

- 1º.- **Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-**
- 2º.- **Actos edificación e uso do Solo.-**
- 3º.- **Certificación de Obra.-**
- 4º.- **Asuntos varios.-**

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **11/04/2019** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- **Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-**

Sometida a votación a do día 28 de Marzo de 2019 é aprobada por unanimidade dos asistentes. -

- 2º.- **Actos edificación e uso do Solo.-**

### **COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS**

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **LUIS INSUA RIVAS**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 767 de 29/03/2019) para proceder á realización de obras consistentes na substitución da tubería do cuarto de baño por outra nova, nunha vivenda con Referencia Catastral 8803404MH7580S0001HD.

**Resultando** que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 5 de Abril de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia.-

**A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.** con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á conexión a RBT subterránea para subministro de rede de baixa tensión subterránea con total canalización proxectada de 36 metros con destino a unha vivenda unifamiliar a emprazar na localidade de Escaselas ( Polígono 502, Parcela 21245) deste Termo Municipal de Fisterra; debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Pablo López Alonso de data 30/01/2019, así como ó informe emitido pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio - Augas de Galicia de data 28/08/2018 que constan no expediente e do que se lle dará traslado ó interesado; condicionada a:

-Informar do día do comezo das obras mediante escrito polo Rexistro Xeral de Entrada do Concello.

-Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados en colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado.

-Repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais.

-Presentarase **Aval Bancario** por importe de mil seiscentos euros (1.600,00 €) para garantir a reposición da urbanización afectada.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-Dez euros con vinte e seis céntimos (10,26 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-Setenta e cinco euros con vinte e catro céntimos (75,24 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

**Resultando** que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data

5 de Marzo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, baixo as condicións antes referenciadas.-

### **3º.- Certificación de Obra.-**

Unha vez examinada e encontrándoa conforme por axustarse a realidade, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda Aprobar a Certificación Única da Obra denominada " URBANIZACIÓN RÚA LARANXOS E CAMIÑO DA INSUA - FISTERRA " incluída no Plan Provincial de Obras e Servizos da Excma Diputación Provincial, Plan Único de Concellos (POS + 2018) por un importe de Cento dez mil euros (110.000 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, debidamente asinada polo Contratista Adxudicatario, Búa Construcciones y Servicios S.L. e Arquitecto Director de Obra, Alfonso Botana Castelo.-

Asimesmo remítase certificación deste acordo ó citado Organismo coa finalidade de libramento aportación provincial.-

### **4º.- Asuntos varios.-**

#### **AXUDAS ECONÓMICAS PARA EMERXENCIA SOCIAL**

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a F. J. T. M., veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Vinte euros (20 €) para gastos de desprazamento, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos. -

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a S. M. S. F., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Cento trinta euros (130 €) co motivo da adquisición de óptica para a súa filla, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos. –

#### **AXUDAS ECONÓMICAS**

- A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder á COMISIÓN DO CARMEN E SANTA MARIA DE FISTERRA, con CIF G70432836 e domicilio social na Rúa Ara-Solis, 12 desta Vila, unha axuda económica polo importe de Seis mil dez euros con doce céntimos (6.010,12 €) para sufragar

parte dos gastos que se ocasionen co motivo da Festa na honra do Santo Cristo de Fisterra durante os días 20, 21 e 22 de Abril de 2019.-

Asimesmo deberá presentarse Memoria Xustificativa dos pagos efectuados antes do día 31 de Decembro de 2019.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder á Soledad Méndez Vázquez, no nome e representación da A.N.P.A do Instituto Fin do Camiño de Fisterra, unha axuda polo importe de Cento cincuenta euros (150 €) para sufragar parte dos gastos que se ocasionaron co motivo das Actividades programadas durante as Xornadas de Portas Abertas que tiveron lugar no citado Instituto, admitíndose como xustificante Factura expedida pola Empresa Maderas Casais da localidade de Cee que consta no expediente.-

### APRAZAMENTO DE CANON CONCESIÓN ADMINISTRATIVA

Examinada a petición formulada por parte de Manuel Martínez Fernández, veciño de Fisterra, Titular da Concesión Administrativa para levar a xestión do Local 2 sito nas inmediacións do Faro de Fisterra adxudicada mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión do día 16 de Agosto de 2016, solicita un Aprazamento de Pago do Canon anual que lle correspondía efectuar durante o Primer Trimestre de 2019, para o mes de Agosto polas razóns acreditadas no expediente,

A Xunta de Goberno Local, visto o Informe favorable emitido pola Secretaría-Intervención, acorda:

1) Conceder a Manuel Martínez Fernández un Aprazamento ata o día 15 de Agosto de 2019 para efectuar o pago polo importe de Trinta e sete mil cincocentos vinte euros con setenta e nove céntimos (37.520,79 €) en arcas municipais en concepto Canon antes referido e segundo Liquidación que continuación se indica :

DÉBEDA	INTERES DEMORA	PERIODO LIQUIDACIÓN	TOTAL INGRESAR
37.000,00 €	3,75%	1/04 ó 15/08/2019 137 días = 520,79 €	<u>37.520,79 €</u>

Todo elo de conformidade co previsto no Artigo 26.6 da Lei 58/2003 de 17 de Decembro, Xeral Tributaria e Disposición adicional quincuagésima, Apartado Dous da Lei de Presuposto Xerais do Estado para o ano 2019.-

2) Notificar dito acordo ó concesionario para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

## PRESUPOSTOS PARA EVENTOS

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda requerir as Empresas que a continuación se indican:

EMPRESA	DOMICILIO
Instalaciones Eléctricas Casais S.L.	Rúa Hortas, 7 15155 FISTERRA
Marcelino González Estévez	Calella de Patres, 2 Esquerda 15155 FISTERRA
Mario Paz Martínez	Costa de Xusto, 21 15154 FISTERRA

Coa finalidade de que, no prazo de Cinco días hábiles (5) contados a partires do día seguinte o recibo da notificación deste acordo, presenten nas oficinas municipais Oferta Económica en sobre Pechado para a prestación dos traballos de electricidade durante os seguintes Eventos con carácter individual:

DESCRIPCION
Festa do Bon Suceso
Festival Blues
Entroido de Verán
Festa do Longueirón
Festa Folk na Fin do Camiño
Festa do Val de Sardiñeiro
Festa das Dolores en Sardiñeiro
Festa de Vigo

### SERVIZOS DE TEMPADA (TREN TURÍSTICO)

Vista a petición formulada co número 3529 (RE) de 19/12/2018, por **José Manuel Canosa Casais**, en nome e representación de **VIAJES BARREIRO Y SALGUEIRO S.L.** con CIF B-70.106.893 e domicilio social na Rúa Santa Catalina, 48 desta vila de Fisterra, no que solicita autorización para a circulación do “**TREN TURISTICO KM 0**”,

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno local por Tres votos a favor e unha abstención da Tenente de Alcalde, Sra. Soledad Vilela Romero, acorda:

1) **Conceder a VIAJES BARREIRO Y SALGUEIRO S.L.**, licenza temporal para o aproveitamento especial do uso das vías públicas municipais dentro da vila de

**Fisterra para que poida levar a cabo a devandita actividade de TREN TURISTICO, condicionada a que durante o seu percorrido:**

a) Únicamente poderá efectuar visita de carácter turístico, que significa que recollerá os pasaxeiros no punto de saída e deixaraos no mesmo punto, non podendo recoller nin deixar pasaxeiros noutros puntos que non sexa o indicado ao efecto.

Os usuarios do servizo deben ser advertidos verbalmente deste particular, antes de adquirir o correspondente billete.

b) O seu itinerario será o seguinte:

Saída do Porto de Fisterra

- Rúa Federico Avila,

- Rúa Alcalde Fernández dirección ao Faro de Fisterra pola estrada de acceso ao mesmo, neste caso deberá estar en posesión da Autorización expedida polo Ente Público competente (Autoridade Portuaria).

Retorno

- Baixada pola estrada do Faro de Fisterra

- Rúa Vasco Pérez Mariño.

- Rúa Manuel Lago Pais e Porto de Fisterra.

As paradas serán as descritas na Memoria presentada na solicitude pola citada Empresa, (Cabanas, zona cementerio de Portela e zona Faro).

c) Durante os días de Mercado (Venda Ambulante) o itinerario será unicamente polas tardes ou variar o retorno, debendo comunicar este extremo ao Concello coa antelación suficiente, para no seu caso, adoptar as medidas que considere necesarias.

d) Queda establecido un límite máximo de cinco (5) viaxes ao día (Ida e Volta), debendo comunicar a este Concello o Horario de Mañá e tarde para que poda aceptarse ou non. Este límite poderá reducirse polo Concello, cando as condicións así o aconsellen.

e) Esta Licenza temporal enténdese efectiva desde o día en que se reciba a notificación deste acordo ata o día 31 de outubro de 2019 .

f) Previas causas xustificadas e con audiencia da promotora, poderá procederse ao retiro desta licenza temporal no caso en que se produza o incumprimento das condicións impostas ou poida apreciarse que a utilización do Tren Turístico supoña un atranco grave para o normal desenvolvemento do tráfico urbano (polo seu percorrido).

g) A Empresa titular desta licenza temporal deberá estar en posesión de todas e cantas autorizacións administrativas sexan necesarias dos organismos competentes para a súa posta en funcionamento, incluídas as de seguridade das persoas que poidan utilizar dito Tren Turístico (Dirección Xeral de Transportes, Turismo, Industria, Portos de Galicia,

Autoridade Portuaria, etc ) así como, estar en posesión dunha póliza de responsabilidade para este tipo de eventos.

h) Deberá aboar dentro do prazo regulamentario a liquidación de taxas regulamentarias que se practicarán, por aproveitamento especial do solo e están previstas na Ordenanza fiscal reguladora.-

### **VENDA AMBULANTE** **LISTA DE ESPERA**

A) Visto o escrito presentado co número 776 (RE) de 29/03/2019, por **Emilio León Barrul**, da localidade de Milladoiro, termo municipal de AMES (C.P.: 15.895), no que solicita un posto na venda ambulante para adicarse á venda de calzado.

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

**1º Incluío na lista de espera da venda ambulante deste concello, co número 96, para adicarse á venda de calzado.**

**2º Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer**

### **ACTIVIDADES CLASIFICADAS** **TRANSMISIÓN DE LICENZA**

**A) Visto o expediente iniciado co número 782 (RE) de 1/4/2019 por Sara Lorenzo Affane, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de “café bar” que se localiza no baixo da edificación da rúa do Paseo Marítimo da Praia Langosteira, 11 deste termo municipal.**

**CONSIDERANDO:** Que o pasado 31/10/2013, a Xunta de Goberno Local concedíulle a María Montserrat Canosa Lago, licenza definitiva de apertura de “café bar” que se localiza no baixo da edificación da rúa do Paseo Marítimo da Praia Langosteira, 11 deste termo municipal.

**CONSIDERANDO:** Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre María Montserrat Canosa Lago e Sara Lorenzo Affane.

**Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

**1º Acceder a transmisión da licenza de apertura de “café bar” que se localiza no baixo da edificación da rúa do Paseo Marítimo da Praia Langosteira, 11 deste termo municipal, a favor de Sara Lorenzo Affane**

**2º Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.**

**3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.**

**B) Visto o expediente iniciado co número 826 (RE) de 4/4/2019 por Manuela Romero Liñeiro, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de “bar categoría especial” que se localiza na edificación da rúa Santa Catalina, 28 desta vila.**

**CONSIDERANDO:** Que o pasado 3/1/2002, a Comisión de Goberno, concedíulle a Francisco Javier Domínguez Velay, licenza definitiva de apertura de “bares categoría especial” que se localiza na edificación da rúa Santa Catalina, 28 desta vila.

**CONSIDERANDO:** Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Francisco Javier Domínguez Velay e Manuela Romero Liñeiro.

**Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

**1º) Acceder a transmisión da licenza de apertura de “bar categoría especial” que se localiza na edificación da rúa Santa Catalina, 28 desta vila, a favor de Manuela Romero Liñeiro.**

**2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.**

**3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.**

**C) Visto o expediente iniciado co número 785 (RE) de 1/4/2019 por Yolanda Liñeiro Marcote, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de “albergue” que se localiza no semisoto da edificación da rúa Arasolis, 5 desta vila.**

**CONSIDERANDO:** Que mediante comunicación previa a licenza de apertura e funcionamento da actividade de albergue sito na rúa Arasolis, 5 a nome de Juan Francisco Boullosa Marcote, mediante comunicación previa a este concello foi transmitida a favor de María Elisa Quintero Blanco.

**CONSIDERANDO:** Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre María Elisa Quintero Blanco e Yolanda Liñeiro Marcote.

**Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

**1º) Acceder a transmisión da licenza de apertura de “albergue” que se localiza no semisoto da edificación da rúa Arasolis, 5 desta vila, a favor de Yolanda Liñeiro Marcote.**

**2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.**

**3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.**

**D) Visto o expediente iniciado co número 837 (RE) de 5/4/2019 por José Alberto Lamas Díaz, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de “comercio menor” que se localiza no baixo da edificación da rúa Santa Catalina, 37 desta vila.**

**CONSIDERANDO:** Que o pasado 24/01/2008, a Xunta de Goberno Local concedíulle a Mercedes Rocío Pombo Insua, licenza de apertura de “comercio menor” que se localiza no baixo da edificación da rúa Santa Catalina, 37 desta vila.

**CONSIDERANDO:** Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Mercedes Rocio Pombo Insua e José Alberto Lamas Díaz.

**Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

**1º) Acceder a transmisión da licenza de apertura de “comercio menor de artigos de regalo, adorno, decoración” que se localiza no baixo da edificación da rúa Santa Catalina, 37 desta vila, a favor de José Alberto Lamas Díaz**

**2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.**

**3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.**

### **OCUPACIÓN VIA PUBLICA** **TERRAZAS**

Visto o expediente iniciado co número 724 (RE) de 22/3/2019 por **ETEL & PAN, S.C., con CIF: J-70.452.842 e domicilio social na Praza da Constitución, 10 desta vila, no que solicita autorización para a ocupación de 20 m<sup>2</sup> da vía pública con mesas e cadeiras, na Praza da Constitución desta vila, para dar servizo ao café bar que rexenta nesa zona, durante a tempada de 2019.**

**RESULTANDO:** Que este uso está permitido pola Ordenanza municipal que regula as terrazas asociadas a establecementos hoteleiros, hostaleiros e comerciais aprobada definitivamente mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión de 5/6/2012 e publicada no BOP número 154 de 14/08/2012.

**RESULTANDO:** Que segundo se desprende da documentación presentada, preténdese instalar 5 mesas e 16 cadeiras e 1 boci con 2 cadeiras máis que

ocuparían un espazo de 20 m<sup>2</sup>. Como proteccións laterais colocaranse uns postes de madeira ancorados ao pavimento, unidos por unha corda de nilon de 20 mm. As mesas e cadeiras son de madeira de acacia tintadas en marrón grisáceo.

**RESULTANDO:** Que no expediente consta o ingreso a favor deste concello da cantidade de 400,00 € correspondentes á ocupación de 20 m<sup>2</sup> da vía pública segundo prezo que se desprende da ordenanza reguladora pola ocupación de tempada.

**CONSIDERANDO:** Que no expediente consta informe favorable de data 2/4/2019, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística neste concello, do que se desprende:

Que por aplicación do artigo 14,5 da ordenanza municipal reguladora das terrazas, a ocupación destinada a terraza, como criterio xeral, poderá acadar unha densidade máxima de 4 persoas por cada 4 m<sup>2</sup> (zona de paso incluída). Nese caso poderase autorizar un máximo de 20 persoas.

Que a terraza preténdese colocar sobre o camiño de Santiago denominado “Camiño de Fisterra”, que foi publicado o seu procedemento de delimitación e deslinde no DOG número 242, de 16 de decembro de 1997. En aplicación da disposición transitoria sexta “Protección das rutas dos Camiños de Santiago que non contén cunha delimitación definitiva” da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia e en relación co artigo 39 da citada Lei, non é necesario recadar a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xa que acadou autorización no ano 2017 a mesma solución compositiva.

**Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

**1º) Acceder ao solicitado por ETEL & PAN, S.C., e autorizar a ocupación de 20 m<sup>2</sup> da vía pública na Praza da Constitución, con 5 mesas, 16 cadeiras, 1 boci con 2 cadeiras máis e proteccións laterais con postes de madeira ancorados ao pavimento unidos por unha corda de nilon, durante a tempada que vai do 1/3 ao 30/10/2019 (ámbolos dous incluídos) condicionada ao establecemento da rúa peonil.**

**2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.**

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:05 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.